

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 122/2022**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 1 de xullo de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de xullo de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 1 de xullo de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución da súa solicitude presentada ante o Tribunal que xulga o proceso selectivo para a provisión dunha praza vacante de administrativo no Concello de Pol, no que presentou recurso administrativo solicitando a nulidade de parte do segundo exercicio e solicitando que se publicase a súa solución.

A reclamante indica que é interesada por haber participado como candidata no proceso selectivo para a provisión dunha praza vacante de administrativo, estando o recurso administrativo presentado pendente de resolución.

Indica que solicitou que se lle indicara unha solución ao exercicio práctico, debidamente motivada, cos criterios mínimos de valoración do exercicio da segunda proba da oposición, e que non se publicou en ningún momento solución nin criterios de valoración para ter unha orientación de como resolvelo. Se lle remitiu unha comunicación do Tribunal na que se desestima a súa solicitude por ser posible máis dunha solución sempre e cando estiveran motivadas.

A reclamante solicita que se lle remita ou publique unha solución do exercicio práctico e se lle responda mediante documento asinado polo órgano competente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

A interesada presentou reclamación contra a resposta dada polo Tribunal que xulga un proceso selectivo, no que ten a condición de interesada por ser participante no mesmo, e no que solicitaba que se publicase ou que se lle remitiran os criterios de corrección dunha das probas.

Como xa se manifestou esta Comisión en anteriores pronunciamentos sobre a materia que agora nos ocupa, cabe lembrar que, aínda que a teor do seu artigo 13 en relación co artigo 12, a Lei 19/2013 recoñece o dereito dos cidadáns para acceder a información pública en mans dos organismos e entidades incluídos no seu ámbito de aplicación -artigo 2-, non é menos certo que dita norma indica na súa Disposición adicional primeira, parágrafo primeiro, que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesados nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo.

Respecto á aplicación da dita disposición adicional, deben cumprirse unha serie de requisitos para que poida apreciarse a súa concorrencia como un motivo de inadmisión: primeiro, debe existir un específico procedemento administrativo aplicable ao caso, segundo, a persoa reclamante debe ser interesada no mesmo, e terceiro, o procedemento debe estar en curso. Analizando estes requisitos na actual reclamación, debe concluírse que, na data na que se realiza a solicitude e se presenta o recurso, de acordo coa documentación remitida pola interesada, concorren no caso que nos ocupa, dado que a reclamación se presenta por persoa participante no procedemento selectivo e no curso do mesmo, polo que debe inadmitirse por este motivo, a reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 1 de xullo de 2022, contra a resolución da súa solicitude do Tribunal que vulga o proceso selectivo para a provisión dunha praza vacante de administrativo no Concello de Pol.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.07.22 15:15:32 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.